

Modelo MD75PRO01

Programación 2016-2017

HISTORIA DA MÚSICA

4º e 5º curso de Grao Profesional

Modelo.
Programación.
MD.
75.P
RO.
01.
Ver.
01

Índice

1.	Introdución	3
1.1	Obxectivos xerais das ensinanzas	4
1.2	Obxectivos específicos	5
2.	Metodoloxía	6
3.	Atención á diversidade	6
4.	Temas transversais	6
4.1	Educación en valores	6
4.2	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	7
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	7
6.	Secuenciación do curso	7
	Curso: 4º de Grao Profesional	7
6.1.	Obxectivos	7
6.2.	Contidos	8
	Curso: 5º de Grao Profesional	10
6.1.1	Obxectivos	10
6.1.2.	Contidos	10
6.3	Avaliación	11
6.3.1	Criterios de avaliación	12
6.3.2	Mínimos esixibles	12
6.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación	13
6.3.4	Criterios de cualificación	13
6.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	14
6.3.6	Medidas de recuperación	15
6.3.8	Probas extraordinarias de setembro	15
6.3.9	Recursos didácticos	16
	Bibliografía	16
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	17
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	17
9.	ANEXOS	18

1. Introducción

A historia da música débelle descubrir ao alumnado a existencia dun amplo espectro de estilos e de modos de concibir a creación musical. Esta disciplina terá un marcado enfoque práctico e utilitario: non se trata, en ningún caso, da simple enumeración de datos, obras, datas e autores. A súa principal finalidade será facer comprender ao alumnado que a música vai alén das pezas ou exercicios técnicos afrontados co seu instrumento día a día.

A asignatura presentará un amplo panorama histórico en que teñan cabida os períodos en que, cun criterio máis ou menos convencional, se adoita dividir a historia da música, e abordalos dun xeito crítico, con consciencia de que esta é unha das maneiras de contar a historia, pero non a única posible. Por esta razón convén afondar moi especialmente nas épocas que legaron literatura musical, independentemente da existencia doutras correntes anteriores, máis propias dos estudos especializados de musicoloxía que de interese para o alumnado.

O alumnado debe aprender con claridade as características máis salientables e as circunstancias de toda índole de cada período mediante a audición de obras representativas e o contacto coas fontes existentes. Por iso, terase en conta a previa instrución cultural recibida no ensino obrigatorio, que aproveitarase incidindo na evolución da música como un fenómeno conectado co resto das artes, pola súa vez dependentes dos cambios operados na política, na relixión e na sociedade.

O coñecemento dun amplo espectro de estilos acentuará o seu sentido crítico; a práctica de audicións comentadas vai moldear o seu gusto e halle permitir unha escoita máis artística e menos técnica; o contacto coas fontes axuda a entender a música como unha manifestación sustentada e dependente doutros factores sociais, e non como unha simple sucesión de notas. O coñecemento adquirido facilita a súa interpretación, xa que a partitura se reviste dunha nova dimensión, o que permite unha perfecta situación temporal, cultural e estilística.

Malia a perspectiva eminentemente práctica da materia, que debe perseguir a participación activa do alumnado, a historia da música non debe desligarse, loxicamente, das bases teóricas precisas, baseadas nomeadamente nas fontes históricas. Xa que logo, o alumnado débese familiarizar con escrituras e grafías

diferentes das que ten o hábito de manexar, e iniciarse na consulta de documentos, tratados e todo tipo de fontes –escritas, iconográficas, sonoras, etc. – que lle faciliten comprender a música, desde a información e as claves creativas e culturais experimentadas polos propios compositores.

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte de Pinos s/n, Campus Universitario Compostela
CP 15703 Colina (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

1.1 Obxectivos xerais das ensinanzas

1. As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

- a) Habituar a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

2. Nas ensinanzas profesionais de música teranse en conta as especificacións que se establecen na Lei galega 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, e especialmente no seu artigo 9.1º, así como as prescricións do artigo 24 da

1.2 Obxectivos específicos

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuír a que o alumnado adquira as capacidades seguintes:

- a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exigencias das obras.
- i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.

k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.

l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

2. Metodoloxía

A Disciplina de Historia da música ten unha carga lectiva de 2 horas semanais, tanto en cuarto como en quinto curso.

Nas clases o profesor realiza as exposicións orais sobre os diferentes contidos do programa. Cada unha destas clases van acompañadas por distintas audicións e análise de partituras das diferentes épocas ou estilos. Ademais pódese completa-la clase con comentarios de texto de cada unha das épocas que se están analizando. O profesor actúa de guía na exposición creativa do alumnado.

O alumno atende e anota contidos teóricos, escoita audicións, analiza partituras, e comentarios de texto e emite xuízos de valor sobre os diferentes aspectos propostos.

3. Atención á diversidade

Non se contempla medida algunha deste tipo xa que o alumnado que cursa esta materia non presenta ningunha necesidade especial en relación coa diversidade.

4. Temas transversais

Todos os temas transversais, e especialmente os de Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos, a Educación moral e cívica e a educación para a saúde (sobre todo en torno á contaminación acústica) estarán presentes ao longo do curso en todas as unidades didácticas .

4.1 Educación en valores

A través da educación transmítense os valores, grazas aos cales é posible vivir en sociedade e participar na vida democrática da mesma. A sociedade reclama da educación a preparación en hábitos de convivencia e respecto mutuo que fan posible que os nenos e nenas, así como aos mozos de ambos sexos conformen a súa propia

identidade, o que lles permita construír a súa relación co medio.

A música é sen dúbida un bo instrumento educativo para alcanzar estas metas. É o porque a música é a plasmación sonora dos desexos, as opinións. É a traslación ao sentido, ao vivido, a aquilo que queremos expresar. É a creatividade en grado máximo. É, sen dúbida, o desenvolvemento da linguaxe e da imaxinación. É sensibilidade. A música é arte. Unha arte pensada para ser non só escrito senón escoitado. Os rapaces e rapazas sensibilizados coa música canalizan moitas veces as emocións a través da linguaxe sonora que lles axuda a entender o mundo e as relacións cos demais.

A educación, neste sentido, ten o deber de non só de ensinar senón de producir aprendizaxe.

As composicións musicais de todas as épocas suxiren e comunican valores, desexos, emocións, beleza, preocupacións. A Historia da música é una ferramenta fundamental para a educación en valores incidindo na educación, nas relacións escolares, no papel do profesor e dos alumnos no contexto educativo, nos métodos e estilos de aprendizaxe, etc.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

As tíc's estarán presentes coa participación do alumnado nas actividades promovidas na Aula Virtual do Conservatorio así como a utilización de Internet para a escoita diaria na aula de obras dos principais compositores da Historia da Música.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Asistencia a concertos e actividades desenvolvidas no conservatorio xa sexan no centro ou fora del.

6. Secuenciación do curso

Curso: 4º de Grao Profesional

6.1. Obxectivos

- Identificar a terminoloxía característica das técnicas, estéticas e conceptos ideolóxicos definitorios do repertorio musical dos diferentes períodos da historia da música desde a Antigüedad ata o Barroco.

- Identificar as novidades estilísticas que se efectúan nos diversos xéneros musicais característicos de cada un destes períodos da historia da música.
- Realización de comentarios críticos de audicións e partituras sobre os rasgos técnicos propios dos diversos xéneros de cada un destes períodos da historia da música, tanto de música instrumental como vocal.
- Elaboración de análise de partituras, coa aplicación selectiva, razoada e crítica da metodoloxía analítica pertinente, en función da tipoloxía da obra musical e dos obxectivos estipulados: contextualización estilística, interrelación co repertorio contemporáneo e recepción de correntes estéticas e de pensamento.

6.2. Contidos

- A música como feito social e cultural. Introducción ás fontes de información histórica e a súa utilización (recursos bibliográficos, fontes escritas, iconográficas, sonoras, etc.).
- A música na cultura occidental: formas e xéneros musicais, períodos, estilos, compositores, instrumentos, etc.
- Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico.
- A evolución da notación.
- Aproximación á organoloxía e á evolución dos instrumentos como condicionante das posibilidades técnico interpretativas e da propia composición do repertorio.
- Aproximación crítica á periodización da historia da música.
- Planificación e realización de traballos prácticos de aproximación histórica e análise.

- Comentario de texto literario musical. Audicións analíticas, con ou sen partitura asociada.

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela
CP 15703 Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

- Análise iconográfica.

-

Primeira Avaliación

Tema 1. Introducción á historia da música. As fontes musicais

Tema 2. A Antigüedad: Grecia e Roma

Tema 3. O canto das liturxias cristiás. O canto gregoriano.

Tema 4. A monodia profana na Idade Media: trovadores, trobeiros e minnesingers.

Segunda Avaliación

Tema 5. O nacemento da polifonía.

Tema 6. A polifonía aquitana.

Tema 7. A Escola de Notre- Dame.

Tema 8. Ars Antiqua

Tema 9. Ars Nova en Francia

Tema 10. O Trecento en Italia

Terceira Avaliación

Tema 11. A transición ó Renacemento: Ars Subtilior

Tema 12. Introducción á música do Renacemento

Tema 13. A música vogal no Renacemento.

Tema 14. A música instrumental no Renacemento.

Tema 15. Introducción á música barroca

6.1.1 Obxectivos

- Identificar a terminoloxía característica das técnicas, estéticas e conceptos ideolóxicos definitorios do repertorio musical dos diferentes períodos da historia da música desde a antigüidade ata o Barroco.
- Identificar as novidades estilísticas que se efectúan nos diversos xéneros musicais característicos de cada un destes períodos da historia da música.
- Realización de comentarios críticos de audicións e partituras sobre os rasgos técnicos propios dos diversos xéneros de cada un destes períodos da historia da música, tanto de música instrumental como vocal.
- Elaboración de análise de partituras, coa aplicación selectiva, razoada e crítica da metodoloxía analítica pertinente, en función da tipoloxía da obra musical e dos obxectivos estipulados: contextualización estilística, interrelación co repertorio contemporáneo e recepción de correntes estéticas e de pensamento.

6.1.2. Contidos

- A música como feito social e cultural. Introducción ás fontes de información histórica e a súa utilización (recursos bibliográficos, fontes escritas, iconográficas, sonoras, etc.).
- A música na cultura occidental: formas e xéneros musicais, períodos, estilos, compositores, instrumentos, etc.
- Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico.
- A evolución da notación.
- Aproximación á organoloxía e á evolución dos instrumentos como condicionante das posibilidades técnico interpretativas e da propia composición do repertorio.

- Aproximación crítica á periodización da historia da música.

Primeira avaliación

Tema 1. Introducción ó Barroco musical. Aspectos xerais

Tema 2. A música vogal no século XVII e primeira metade do século XVIII.

Tema 3. A música instrumental no século XVII e primeira metade do século XVIII.

Tema 4. O Preclasicismo

Segunda avaliación

Tema 5. O Clasicismo musical: Haydn e Mozart.

Tema 6. A transición cara o Romanticismo: Beethoven.

Tema 7. A música vogal no século XIX

Tema 8. A música instrumental no século XIX

Tema 9. Os Nacionalismos musicais a finais do século XIX e principios do século XX.

Terceira avaliación

Tema 10. Transición ó século XX. Impresionismo

Tema 11. A Segunda Escola de Viena: Expresionismo, Atonalidade e Dodecafonismo.

Tema 12. O Neoclasicismo musical

Tema 13. A música despois da Segunda Guerra Mundial (I): Música concreta, electrónica e electroacústica.

Tema 14. A música despois da Segunda Guerra Mundial (I): Serialismo Integral, Música Aleatoria e outras tendencias estilístico-musicais.

6.3 Avaliación

A materia de Historia da Música en 4º e 5º de Grao Profesional, terá en conta tres tipos de actividades fundamentais para a súa superación, cada unha das cales contará nunha porcentaxe concreta para a nota final do curso.

En primeiro lugar realizarase **una proba trimestral**, onde se avaliarán os contidos (a avaliación é continua, polo que en cada trimestre entrará a materia dos anteriores), debendo obter como mínimo unha puntuación igual ou superior a 5. (60%)

Por outra banda o alumnado realizará e presentará un **traballo trimestral**, establecido polo profesor/a de materia e relacionado cos aspectos traballados na aula. A natureza dos traballos poderá variar, abranguerá análise de audicións, partituras ou exercicios de crítica musical. Tamén serán valorados para a superación de materia os exercicios de aula que o titor/a indiquen en cada caso ó longo do curso. (25%)

CMUS Profesional de Santiago
Rúa dos Anxos, 11 Santiago de Compostela
C. 15703 Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

En último termo, se terá en conta a asistencia e **participación activa do alumnado** na aula. (15%)

Ademáis teranse en conta os seguintes criterios.

6.3.1 Criterios de avaliación

Identificar a través da audición obras de diversas épocas e describiras súas características máis salientables.

Identificar, a través da audición de obras de diversas épocas e estilos, con ou sen partitura, os trazos esenciais dos períodos histórico estilísticos.

Comentar, a través da análise, exemplos iconográficos representativos de diversos períodos históricos con situacións musicais.

Situar cronoloxicamente e comparar obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.

Relacionar a historia da música coa doutros aspectos da cultura eo pensamento.

Identificar as circunstancias de todo tipo –políticas, culturais, económicas, ideolóxicas, sociais, artísticas, etc.– que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo de cada época, estilo ou autor máis representativos da historia da música occidental.

6.3.2 Mínimos esixibles

- Coñecemento e identificación das distintas seccións e elementos que integran a obra de arte musical.
- Coñecemento e uso correcto do vocabulario musical específico.
- Coñecemento da línea temporal da historia da música, non só en canto á evolución musical, senon tamén en canto á súa relación cos diferentes aspectos históricos.
- Ubicación dos compositores máis relevantes da historia da música no seu período histórico correspondente.

- Identificación, a partir da audición, dos estilos musicais correspondentes ós diversos periodos históricos
- Recoñecemento das obras máis destacadas dos principais compositores de cada periodo histórico.

6.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

- Realizar comentarios críticos a partir da audición dunha obra determinada, empregando un léxico axeitado
- Realizar comentarios de texto relativos á materia, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo.

En cada unha das probas trimestrais, o alumno deberá demostrar dominar os contidos desta materia, é os seus aspectos nocionais (periodización, principais épocas e escolas, e compositores estudados) e conceptuais (comprensión dos procesos que subxacen á evolución histórica); e tamén as habilidades relacionadas co recoñecemento e clasificación das obras, e a redacción de comentarios histórico-críticos sobre o repertorio.

As probas trimestrais atenderán á seguinte estrutura:

1) Bloque teórico: Dez preguntas a desenvolver, ou un cuestionario teórico tipo proba (con respostas pechadas). O fin desta proba é comprobar a adquisición dos contidos básicos da materia.

2) Bloque práctico: Recoñecemento e clasificación de dúas obras pertencentes ós repertorios estudados. O fin desta proba é comprobar as habilidades adquiridas polo alumno á hora de enfrontarse ó repertorio, e de valoralo histórica e criticamente.

Nesta proba valorarase a concreción das respostas, así como a calidade da redacción -con amaño a criterios de concisión, coherencia, e propiedade do texto-. Se penalizarán as faltas de ortografía.

6.3.4 Criterios de cualificación

A cualificación do alumnado será un número enteiro entre o 1 e o 10, sendo o 1 a mínima cualificación e o 10 a máxima. A nota individual de cada alumno ou alumna dependerá dos seguintes apartados:

Proba teórico-práctica: 60% da nota final, onde se cualificarán aspectos como o uso axeitado da terminoloxía musical, a capacidade de definición ou a corrección formal e ortográfica.

CMUS Profesional de Santiago
Camiño dos Pozos s/n Santiago de Compostela
CP 15703 Cortina (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

Análise de producións escritas e/ou orais do alumnado (25% da nota final), onde se valorará a adecuación dos contidos que se solicitan, a presentación, a corrección ou a orixinalidade, entre outros aspectos.

Observación sistemática da asistencia activa á clase en cada sesión presencial, valorando principalmente a participación na dinámica de aula e a actitude de respecto cara á materia e a dinámica de aula.(15% da nota final).

6.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra, terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede.

Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avalaiación realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso.

E preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.

A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que esté matriculado inicialmente.

O Alumnado que desexe ampliar matrícula no curso realizará unha proba extraordinaria de coñecementos no mes de xaneiro. Dita proba consistirá nun cuestionario cun mínimo de 40 preguntas pechadas (de todo o temario da materia) e unha ou dúas audicións presentadas polo profesor, con ou sen soporte de partitura.

O alumnado que desexe participar nas probas que anualmente se convocan para acceder aos diversos cursos do grao profesional deberán demostrar o seu dominio da materia de Historia da música.

Para acceso a a 5º curso o aspirante o aspirante realizará unha proba similar a proba extraordinaria de setembro correspondente ao 4º curso de Grao Profesional. As

preguntas versarán sobre o currículo da materia correspondente ao 5º curso de grao profesional. Da mesma forma contéplase o comentario analítico dunha ou dúas audicións correspondente ao currículo da materia correspondente ao 4º curso de Grao Profesional.

Para o acceso ao 6º Curso de Grao Profesional a proba consistirá en un cuestionario cun mínimo de 50 preguntas pechadas e dúas audicións presentadas polo profesor. As preguntas versarán sobre o currículo das materias correspondentes ao 4º e 5º curso de Grao Profesional.

6.3.6 Medidas de recuperación

Contemplase a recuperación tanto no desenvolvemento do curso como no mes de setembro se non se tivo superada a materia no mes de xuño.

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o alumno/a perde o dereito á avaliación continua, dito alumno/a terá dereito a realizar unha proba específica, marcada en data e no mesmo horario de clase, na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos da superación da materia.

Na proba da segunda avaliación inclúiranse aspectos da primeira, e na proba da terceira avaliación inclúiranse aspectos da primeira e segunda avaliación para que poidan recuperalas aqueles que non a teñan superado ao longo do curso. Ademais o profesor pedirá **elaboración de comentarios** (de texto, audicións e partituras) relacionados cos contidos da materia, que serán presentados antes de cada avaliación coas condicións que o profesor estableza.

Se o alumno ou alumna suspende dúas das tres avaliacións terá a posibilidade de superar a materia a partir da realización dunha proba final escrita que se fará a finais de maio ou primeiros días de xuño.

6.3.8 Probas extraordinarias de setembro

A proba extraordinaria de setembro será global, é dicir, de toda a materia, sen conservarse a nota alcanzada ao longo do curso nas diferentes avaliacións. Consistirá nunha proba final de carácter teórico e unha ou dúas audicións (con ou sen apoio de partituras) de entre aquelas propostas polo profesor. Ademais desta proba o profesor

pedirá **elaboración de comentarios** (de texto, audicións e partituras) relacionados cos contidos da materia, que serán presentados antes da realización do exame coas condicións que o profesor estableza.

6.3.9 Recursos didácticos

- Recursos bibliográficos, ferramentas de procura e consulta, e das fontes musicais que forman, en última instancia, os materiais da historia da música.
- Fontes manuscritas, xa que a práctica totalidade das obras musicais – coa excepción, quizá, das compostas nos últimos anos– existiron no seu primeiro momento como manuscritos.
- Fontes impresas, dado que o avance nas técnicas de impresión permitiu que a música alcanzase, a través da imprenta, cotas de difusión que só internet logrou superar en tempos recentes.
- Fontes iconográficas, que conteñen unha información vital para o intérprete, silenciada noutro tipo de fontes.
- Fontes sonoras.
- Explicacións diarias na aula
- Materiais a disposición do alumnado no Curso de Historia da Música da AULA VIRTUAL do Conservatorio.

Bibliografía

- Atlas, A. W. (2002). *La Música del Renacimiento. La música en la Europa Occidental, 1400-1600*. Madrid: Ed. Akal.
- Burkholder, J. P., Grout, D. J., & Palisca, C. V. (2011). *Historia de la Música Occidental* (8ª edición ed.). Madrid: Alianza Editorial.
- Downs, P. G. (1998). *La Música clásica: era de Haydn, Mozart y Beethoven*. Madrid: Ed. Akal.
- Hoppin, R. H. (2000). *La Música Medieval*. Madrid: Ed. Akal.
- Morgan, R. P. (1994). *La Música del siglo XX*. Madrid: Ed. Akal.
- Plantinga, L. (1992). *La Música Romántica*. Madrid: Ed. Akal.
- Rosen, C. (1986). *El Estilo Clásico: Haydn, Mozart y Beethoven*. Madrid: Alianza Música.
- Walter Hill, J. (2008). *La Música Barroca*. Madrid: Ed. Akal.

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela
CP 15703 Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

Utilizarase o protocolo, xa empregado no pasado curso, que se presenta como ANEXO I a esta programación.

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Utilizarase o protocolo que será debatido e aprobado en reunión de Departamento antes da realización das probas da primeira avaliación.

9. ANEXOS

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela
CP 15703 Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

- Probas de acceso 1º de grao profesional
 - Non se contempla nesta materia

- **Probas de acceso a outros cursos.**

O alumnado que desexe participar nas probas que anualmente se convocan para acceder aos diversos cursos do grao profesional deberán demostrar o seu dominio da materia de Historia da música.

Para acceso a a 5º curso o aspirante o aspirante realizará unha proba similar a proba extraordinaria de setembro correspondente ao 4º curso de Grao Profesional. As preguntas versarán sobre o currículo da materia correspondente ao 5º curso de grao profesional. Da mesma forma contéplase o comentáριο analítico dunha ou dúas audicións correspondente ao currículo da materia correspondente ao 4º curso de Grao Profesional.

Para o acceso ao 6º Curso de Grao Profesional a proba consistirá en un cuestionario cun mínimo de 50 preguntas pechadas e dúas audicións presentadas polo profesor. As preguntas versarán sobre o currículo das materias correspondentes ao 4º e 5º curso de Grao Profesional.

Para o acceso a 5º e 6º curso de Grao Profesional contéplase os mesmos contidos e criterios de avaliación expressados nesta programación.

- Criterios para a obtención dos premios fin de grao.
Non se contempla nesta materia